

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E O CONCELLO DE LUGO PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR EN NOVE CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, Lara Méndez López, alcaldesa-presidenta do Concello de Lugo, que actúa en nome e representación deste, en virtude das competencias que ten recoñecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 7 de abril, reguladora das bases do réxime local.

EXPOÑEN

I.- Que con data do 27 de xullo de 2021 a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades asinou un convenio de colaboración co Concello de Lugo, para a xestión dos comedores escolares nos centros educativos CEIP Albeiros, CEIP Anexa, CEIP As Mercedes, CEIP Illa Verde, CEIP Menéndez Pelayo, CEIP Luis Pimentel, CEIP Rosalía de Castro, CEIP Sagrado Corazón e CEIP Paradai con vixencia para os cursos escolares 2021/2022 e 2022/2023.

II.- Que tendo en conta os bos resultados acadados, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades considera de interese público dar continuidade á colaboración iniciada, no seu día, co Concello de Lugo, co fin de favorecer a conciliación da vida familiar e laboral, contribuíndo á vez a fomentar a adquisición de hábitos nutricionais e hixiénicos saudables polos escolares.



III.- Que as necesidades de uso do servizo de comedor escolar que motivaron o asinamento do convenio manteñen a súa vixencia para os cursos escolares 2023/2024 e 2024/2025.

IV.- Que a cláusula décimo cuarta do citado convenio regula a súa vixencia, dispoñendo que estará vixente ao longo dos cursos escolares 2021/2022 e 2022/2023, podendo acordarse, de xeito expreso, polas partes asinantes, antes da súa finalización, a súa prórroga por cursos escolares, cunha duración máxima de catro anos, ao abeiro do disposto no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co todo anterior, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Lugo, conscientes da importancia que para moitas familias do concello supón o comedor escolar como medio de conciliación da súa vida laboral e familiar, de acordo co previsto no artigo 2.1 d) do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, consideran adecuado a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración para a xestión dos comedores escolares nos centros educativos CEIP Albeiros, CEIP Anexa, CEIP As Mercedes, CEIP Illa Verde, CEIP Menéndez Pelayo, CEIP Luis Pimentel, CEIP Rosalía de Castro, CEIP Sagrado Corazón e CEIP Paradai para un total de 757 usuarios máximos autorizados previstos, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto desta addenda, estender a vixencia do convenio asinado o 27 de xullo de 2021 durante os cursos escolares 2023/2024 e 2024/2025.

Segunda.- Financiamento da consellería

A consellería comprométese a colaborar economicamente na xestión e organización do servizo de comedor escolar nos centros educativos CEIP Albeiros, CEIP Anexa, CEIP As Mercedes, CEIP Illa Verde, CEIP Menéndez Pelayo, CEIP Luis Pimentel, CEIP Rosalía de Castro, CEIP Sagrado Corazón e CEIP Paradai, mediante unha achega económica de 148.220,60 €, con cargo a aplicación orzamentaria 10.01.423A.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, dividida nas seguintes anualidades e importes:

Ano 2023: 23.731,95 €

Ano 2024: 74.110,30 €

Ano 2025: 50.378,35 €



Terceira.- Publicidade e rexistro da addenda. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición da addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura desta addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Cuarta.- Condicións

Esta addenda rexerese polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo, sen prexuízo da aplicación para os cursos escolares 2023/2024 e 2024/2025 do financiamento establecido na cláusula segunda desta addenda.

En proba de conformidade, asínase esta addenda na data da súa sinatura dixital

O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades

O secretario xeral técnico

P.D. (Orde do 29.7.2022)

Manuel Vila López

A alcaldesa presidenta do Concello de Lugo

P.D. (Decreto 5756/2023 do 21.6.2023)

Felipe Rivas Jorge

